

BASES
I MARATÓN LITERARIO DE POESÍA DE AUTOR.
Sábado 12 de maio de 2018

- * Aberto a autores de poesía maiores de 18 anos.
- * Temática libre e escrita en lingua galega.
- * Cada participante presentará un máximo de tres poemas inéditos de ata 50 versos e que non fosen premiados con anterioridade noutro certame.
- * Os poemas serán enviados antes das **12 horas do día 5 de maio** á seguinte dirección de e-mail. bibliotecablancotorres@gmail.com , indicando no asunto “maratón literario”.
Enviaranse dous documentos en PDF: Un primeiro documento cos poemas e nomeado cun pseudónimo.
Un segundo documento nomeado “datos *pseudónimo*” que incluirá: Nome e apelidos, data de nacemento, nº DNI, dirección postal, pseudónimo, e-mail, nº de telf. móbil e título dos poemas.
- * A persoas participantes **recitarán** os seus poemas no MARATÓN a celebrar o 12 de maio na Biblioteca Municipal a partir das 6 da tarde. Poderán vir acompañados de músicos ou actores que complementen o recital. Farase un sorteo para a orde de participación de cada autor.
- * O xurado estará formado polos propios participantes que votarán aos demais autores e actuará de Presidente con voz e voto o Concelleiro de Cultura do Concello de Cuntis, podendo delegar a súa representación. Actuará de secretario o Bibliotecario Municipal.
As votacións realizaranse ao final do Maratón e terase en conta tanto a calidade dos poemas coma o recital.
- * Cada participante votará por tres poemas de diferentes autores. No caso de empate decidirá a Presidencia do xurado.
Para poder valorar as obras presentadas, cada participante recibirá durante a semana por e-mail os poemas dos demais en documentos PDF con pseudónimo que anteriormente foron remitidos á organización.
- * Premios.
 - 1º PREMIO DE..... 300,00€
 - 2º PREMIO DE..... 200,00€
 - 3º PREMIO DE 100,00€
- * Os premios recolleranse no Acto Público Literario a celebrar o 17 de maio pola mañá na Biblioteca Municipal “Roberto Blanco Torres”, onde se volverán a recitar os poemas gañadores, sendo esta unha cita obrigada para a obtención do premio.
- * A realización deste MARATÓN LITERARIO queda condicionado á participación dun mínimo de 10 e un máximo de 35 persoas, seleccionándose aos participantes por rigorosa orde de inscrición.
- * O Concello de Cuntis resérvase o dereito a publicar no prazo dun ano, todos ou parte dos poemas presentados.
- * *A participación neste Maratón Literario ten carácter gratuíto e supón a aceptación íntegra destas bases, reservándose a Concellería de Cultura a facultade de resolver calquera aspecto non previsto na súa redacción.*

